

A directora xeral de Administración Local, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e o alcalde do Concello de Verín, Juan Manuel Jiménez Morán, inauguraron esta mañá o parque infantil e paseo na praza Carmen Estévez, tras as obras de adecuación e remodelación realizadas no mesmo -zonas verdes, colocación de pedra no paseo central, mobiliario urbano e zona infantil-.

Devanditas obras ascenderon a un total de 146.278,63 €, aportando 108.872,59 € a Dirección Xeral de Administración Local -30%- e os fondos FEDER -70%-, así como, 37.406,04 € máis 4.179,39 euros, do proxecto, o Concello de Verín.